

SOBRE
AS CAIXAS

Carlos Aymerich

Aberto o debate sobre o futuro das caixas de aforro, o BNG vén de lle ofrecer un pacto ao conxunto das forzas políticas de Galiza para garantir a protección dos intereses xerais do país. Un acordo que pivota sobre dous eixos, o mantemento da galeguidade das caixas e a reforma do seu marco regulatorio, cun corolario obrigado: a blindaxe das competencias de Galiza na materia.

Mantemento da galeguidade das caixas, é dicir, mantemento en Galiza do seu domicilio social e dos seus centros de dirección fronte á indisimulada aposta da dirección española de PP e PSOE e do Banco de España pola absorción das caixas galegas por entidades foráneas, aposta que a imminente escolla de Rodrigo Rato como presidente de Cajamadrid vai elevar aínda máis.

Reforma da lei de caixas porque, haxa en Galiza unha caixa ou dúas, é urxente modificar un modelo de funcionamento baseado até o de agora no nepotismo, na confusión da obra social coa construción por duplicado de edificios suntuarios e na canalización do aforro galego cara a aventuras especulativas fóra do país. Reforma da lei de caixas para asegurar o seu carácter público, o control democrático das súas decisións e, en fin, o seu compromiso co financiamento da economía produtiva e a creación de emprego en Galiza.

E blindaxe das competencias de Galiza porque se a última palabra sobre o futuro das caixas galegas se pronuncia fóra a deslocalización financeira, haxa ou non haxa fusión, estará asegurada.

Eis pois o verdadeiro debate sobre as caixas. Eis a proposta do BNG. Ficamos á espera de que PP e PSOE decidan se están con Galiza ou se, máis outra vez, van ser servos obedientes de Madrid. ●

É urxente modificar un modelo de funcionamento baseado até o de agora no nepotismo



Henrique Monteagudo, lingüista

'O que se percibe é que a Xunta está contra o galego'

Xan Carballa

O vindeiro 14 de novembro celebrarase en Santiago o acto cívico convocado pola plataforma *Galego, Patrimonio da Humanidade*. Un dos seus promotores, Henrique Monteagudo (Muros, 1959), ven de publicar *As razóns do galego, apelo á cidadanía* (Galaxia), un libro que recolle artigos e ensaios dos últimos anos sobre materia lingüística.

Hai un antes e un despois na lingua a partir da manifestación do 18 de outubro?

Hai un antes do 17 de maio, unha transición e un despois do 18 de outubro. O importante é como se xestiona politicamente ese éxito mobilizador. A plataforma *Queremos Galego* vaise entrevistar con Núñez Feixó, e pronto coñeceremos a proposta de novo decreto sobre o ensino. O 18 demostrouse que o movemento lingüístico galeguista gañou forza e atopou un camiño. O groso deste movemento decatouse de que tiña que apostar pola pluralidade, que iso funciona e responde ás demandas da sociedade. E aínda que só é a punta do iceberg, penso que o marco de intelcación pública estaba situado no de "imposición do galego", que era o esquema creado por Galicia Bilingüe, Feixó e o PP. Agora iso non funciona e o que se percibe é que "a Xunta está contra o galego". Estamos nese camiño e quen vai ter que explicarse é quen tome medidas contra o galego.

A modificación do decreto converteuse no leit motiv. De como se faga a nova proposta vai depender totalmente a situación? Sospeito que o decreto non vai conseguir consenso, ogallá fose aceptábel e o conseguise. Pero é moi probábel que ademais a oposición reclame que se contemple o conxunto da política lingüística. A idea de apoiarse argumentalmente na terceira lingua non vai a ningures, porque se están recortando fondos para o ensino e estender minimamente o ensino en inglés na docencia reclama un investimento enorme. Está posto aí para desviar a atención das claves do asunto, que son os mún-

O movemento lingüístico galeguista gañou forza e atopou un camiño tamén porque apostou pola pluralidade

Espero que a Xunta teña a prudencia de que, aínda que impoña a filosofía dos tres terzos, non coute aos centros máis galeguizados

A alfabetización introduce grandes cambios. A lealdade que tes cunha lingua na que aprendiches a ler e a escribir é moi profunda

Pódese defender o galego sen unha idea nacionalista de maneira moi sinxela: falándoo

mos, en castelán particularmente. O que lle ouvimos a Feixó é que se íría a un reparto en terzos, e que os terzos en castelán e galego serían obrigados en todos os centros. Paréceme grave porque introduce un mínimo en castelán que nunca houbo e non se xustifica por razóns pedagóxicas e lingüísticas. Sería un paso atrás considerábel, porque hai centros, non poucos, onde hai unha docencia do 60-70% en galego, e iso implicaría que os docentes que están dando as materias en galego desde hai tempo, que teñen todas rutinas

pedagóxicas, os materiais e a súa instalación no galego, terían a obriga legal de pasar ao castelán. Iso sería unha fonte de conflitos serios. Espero que a Xunta e as autoridades educativas teñen a prudencia de que, aínda que impoñan a filosofía dos tres terzos, non couden aos centros máis avanzados.

O libro que vén de publicar recolle opinións que atinxen a tres gobernos da Xunta. Hai quen opina que a política do bipartito foi pouco avanzada na materia, pero á vista da reacción do PP, ese argumento parece feble?

En xeral non falaria de pasividade. Á política de lingua do bipartito falloulle o eixo, que estaba na propia Secretaría Xeral de Política Lingüística. Tivo un elemento moi positivo de transversalidade, pero as iniciativas máis importantes partiron de Educación e de Vicepresidencia. Por unha banda coa rede de escolas infantís e por outra co Decreto do Ensino. As medidas eran boas pero faltoulle cobertura política e un relato de conxunto que lle dese sentido. En canto apareceron as primeiras reaccións do movemento contra o galego, a falta de respostas políticas coherentes do goberno fíxolle ver unha oportunidade electoral ao PP. O bipartito fixo moi boas cousas pero non lle ofreceu un relato de todo iso ao país. Faltou conexión entre os dous partidos e liderato do presidente da Xunta, capaz de poñer as medidas nunha visión común do país. Iso percibiuse en moitos temas e tamén no galego. Mentres a conselleira daba pasos valentes, xentes do PSOE na consellería boicoteábanas. E cando lle reclaman a Touriño que se impoña asústase. Iso culminou coa frase desgraciada do ex-presidente en campaña dicindo que el "non estaba pola imposición". Máis que de políticas sectoriais, que as houbo moi boas, foi un problema de nervio político. E tamén de certa soberbia, de que todo estaba gañado.

Nun dos seus artigos di que pode gañarse terreo na escola ou no prestixio da lingua, pero que o máis difícil é influir nas pautas de uso da xente. Se o que precisamos é transmisión xeracional

ese sería o maior reto?

Hai maneiras de facelo. Xa digo no libro que faltou pericia e asesoramento, e nese senso a secretaria xeral do bipartito foi a peor de todas desde que funciona. Ninguneou a todo o mundo que levamos anos traballando nisto. No caso das pautas de uso, cos adultos é máis difícil porque unha mudanza de lingua non se dá ao cento por cento dun día para outro en ningún caso. Os cambios danse gradualmente, cuns determinados interlocutores e nuns determinados ámbitos de uso e pódense ir estendendo. Nós dicimos que deben cumprirse tres condicións: competencia, ocasións de uso e motivación para facelo. A competencia é sabelo e mellórase practicando; motivación é ter unha razón para facelo e as ocasións hai que procuralas ou procurarlas á xente nova. No caso da mocidade botando man das actividades de lecer, estimulando relacións novas, con clubs, campamentos e outras maneiras. Non se pode obrigar a uns pais a falarlle galego aos fillos, pero os estudos demostran que esas decisións están moi mediatizadas polo idioma na escola. Se o medio escolar é galego o paso para unha transmisión xeracional é de xigante.

Nunha sociedade bilingüe, aínda que diglósica, cal sería o horizonte?

Defendo que o nacionalismo ten que abandonar a mitoloxía do monolingüismo, que é tan mito como a do bilingüismo. O campo do discurso social do bilingüismo non podemos deixalo en mans dos inimigos do galego, é como saír a boxear cunha man atada. Na realidade sabemos que non hai galego-falantes en exclusiva, somos bilingües e botamos man do castelán se o precisamos e o groso dos bilingües somos galego falantes habituais. Esta é a realidade e nun horizonte previsíbel non é razoábel pensar nun monolingüismo social. Se non é alcanzábel hoxe as alternativas en xogo son monolingüismo en castelán ou bilingüismo. Hai corenta anos podía ser imaxinábel, hoxe hai que abandonalo.

A identificación estrita de >>>

TRIBUNA ■ Afonso Eiré.

CARMELA ARIAS E A NECESIDADE DUNHA BANCA GALEGA

Os intentos de centralizar as caixas e bancos veñen de lonxe. Estudaba eu estes días a negativa que, nos anos corenta, tivo o Banco de Soto, que viña operando desde 1863, para conseguir a licenza de banco e as pexas de todo tipo que lle poñían, porque os grandes bancos estatais, en expansión por Galiza, cobizaban as súas remesas dos emigrantes.

O mesmo sucedeu co Etcheverría, o Simeón ou o Banco da Coruña e lembraba o libro, aínda hoxe de actualidade, de Ramón Barral: *O Aforro e a Inversión na Galicia* (editorial Sept, 1975).

Que Galiza conserve o centro de decisión das súas entidades crediticias é a única aposta que se pode facer hoxe como país, aínda que deba levar consigo unha maior transparencia e democratización das caixas.

Ao mesmo tempo, débese ponderar a importancia de que o Banco Pastor permaneza como banco galego, malia os mil embates e cantos de seare que proveñen de Madrid. Non hai máis que ver, cada pouco, os anuncios de que vai ser mercado por unha ou outra entidade foránea.

Por iso é de xustiza resaltar, aos poucos días da súa morte, a decisión da Condese de Fenosa de apostar polo Pastor como un banco galego "como o único xeito de servir a Galicia", tal como me expresou na primeira ocasión que tive de falar con ela, a principios da década dos noventa. E non foi só unha aposta retórica, pois levou a súa crenza á práctica ao doarlle todo o seu capital á Fundación Barrié que se converteu, con diferenza, no maior accionista do Banco Pastor. Só así se puido impedir que o banco pasase a mans foráneas. A outra consecuencia desta decisión é que a meirande parte dos beneficios da entidade van parar á propia Fundación que os reinverte na Galiza.

Lembraba todo iso estes días, ao ler os eloxios fúnebres de Carmela Arias e as gaban-



Carmela Arias Díaz de Rábago.

Acreación da Escola de Arquitectura da Coruña e da de Enxeñaría en Vigo foi unha aposta da Barrié que Madrid tardou en conceder

zas á súa aposta polas bolsas para estudantes galegos, unha historia que me contara o seu irmán Xoaquín Arias. Sería unha mostra clara de que o capital si ten patria.

Cando a Fundación Barrié decide construír –e sufragar– o funcionamento tanto da Escola de Arquitectura da Coruña como da Escola de Enxeñaría de Vigo atópase cun grande atranco: en Madrid, o Goberno non concede a autorización. Foron, seica, moitas as idas e vidas á capital e máis, aínda, as chamadas.

Un día, logo de agardaren na antesala do ministro de Educación máis de cinco horas para ser recibidos, a explicación que lles deu o ministro (non lembro ben se Xoaquín Arias me dixo Villar Palasí) foi que non era oportuno que Galiza contase con estas escolas técnicas, non era o seu papel. Ao parecer Galiza estaba ben como estaba, enviando emigrantes non cualificados a outros lugares. Por sorte, nesta ocasión, a visión de país venceu, finalmente.●

PACOVILABARROS

>>> **defensa do galego e nacionalismo ten funcionado negativamente?**

O groso do movemento a prol do galego captou, despois do 17 de maio, que ten que ser un movemento amplo, que eu chamo de galeguismo lingüístico. Que hai que fuxir da identificación lingua-nacionalismo, non é unha xenialidade que se me ocorre a min, é algo xa asumido maioritariamente. Póde-se defender o galego sen unha idea nacionalista detrás de maneira moi sinxela: falándoo. O nacionalismo recolleu unha bandeira que estaba tirada, a da lingua, e iso é un mérito indiscutíbel. Pero iso non implica que sexa dono do discurso da lingua. As polémicas ortográficas que se sucederon desde os

anos 80 teñen orixe nesa patrimonialización da lingua. E a actitude, en ocasións sectaria, do nacionalismo en relación ao galego expulsou a algunha xente da súa defensa. Os nacionalistas temos que deixar de considerar que temos algún dereito de preferencia sobre o idioma, porque se o galego aspira á normalidade ten que ser de todos.

A manifestación tamén amosou a unha xeneración que incorporou o galego, coas deficiencias que se quixer, como lingua presente no ensino.

O único perigo sería que deixásemos en herdanza esas liortiñas. Pero teño moita esperanza na xente nova. Hai novos tipos de galego falantes, que adquiriron a lingua na casa ou acadaron pericia lectora e de escribir

na escola, e que ten unha adhesión ao galego moi diferente á nosa. A alfabetización introduce cambios na conciencia lingüística enormes, o tipo de lealdade que tes cunha lingua na que aprendiches a ler e a escribir é moi profundo. Por contra a vida social está máis castelanizada e a xente xestiona ese conflito con menos trauma que hai anos. Son bilingües sen grandes complexos de culpa. Estou seguro que veremos os froitos positivos do traballo destes anos e hai indicios que falan nesa dirección tanto no ensino, nas familias ou na cultura. Para nada creo que os esforzos de tantos nestas décadas fose inútil e a lexislación, desde a autonomía á lei de normalización lingüística, axudaron.●